

Acta de reunión

Órgano convocado	Departamento de Información e Orientación Profesional						
Lugar de reunión	Despacho DIOP			Ordinaria	x	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	4	Data	25/01/2019	Hora inicio	11:30h	Hora remate	12:00h
Moderador/a	Cristina Iglesias Camiña						
Secretario/a	Cristina Iglesias Camiña						
Propósito	Reunión mensual do DIOP						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Francisco Carrascal Castro ▪ Gumersindo Couso Boullosa ▪ Carmen Iglesias Torres ▪ Mónica Pérez Mouriño ▪ Cristina Iglesias Camiña 						

Temas tratados

- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
Apróbase a acta
- Seguimento da programación do DIOP

Realízase o seguimento da programación do DIOP. De xeito específico analízanse os seguintes puntos:

- *Emprendemento*

1. *Difusión interna do viveiro de empresas do CIFP A Xunqueira*

A partir do 25 de xaneiro e ata o 22 de febreiro, a coordinadora de emprendemento e titora do viveiro de empresas, xunto coa orientadora, desenvolverán charlas divulgativas ao alumnado de todos os grupos de 2º curso. Estas charlas levaranse a cabo, sempre que o número de asistentes o permita, no viveiro de empresas e nelas informarase sobre o viveiro do Centro e a rede de viveiros de Galicia, tamén sobre a convocatoria de concursos para fomentar o emprendemento (Idea emprende e Certame de cooperativismo), así como dalgún srecursos para a busca de emprego por conta allea.

2. *Difusión externa do viveiro de empresas do CIFP A Xunqueira*

A principios de xaneiro enviouse aos IES de Pontevedra e dos arredores, unha carta divulgativa sobre o viveiro de empresas como recurso para o emprendemento do que poderían beneficiarse. A divulgación fixose a un total de 12 centros.

3. *Charlas en emprendemento por familias profesionais*

Ao longo do mes de febreiro está previsto realizar as charlas en emprendemento, dirixidas ao alumnado de 2º curso. A programación é a que segue:

07/02/2019. Familias profesionais de Madeira, moble e cortiza e de Electricidade e electrónica
Charla do IGAPE (Eduemprende Actúa) e das empresas TIC GAL e Iroko Cocinas.

12/02/2019. Familia profesional de Servizos socioculturais e á comunidade. Empresa: Espazo infantil Luscofusco e Centro de día Lembranzas.

13/02/2019. CS Promoción de igualdade de xénero. Empresa: ASISTOGAL

Data por confirmar. Familia profesional de Transporte e mantemento de vehículos. Empresa: Automoción Salcedo.

- Presentación audiovisual do CIFP.

O alumnado de 2º curso do CS de Sistemas de Telecomunicacións e informáticos, coordinados polo profesor Óscar García, está gravando o video de presentación do centro, dentro do módulo Sistemas de produción audiovisual.

- Acreditación de competencias profesionais 2019.

Convocado o proceso de acreditación de competencias profesionais para o curso 2019, dende o DIOP divulgouse a convocatoria na páxina web do centro.

Estanse atendendo as demandas particulares de información solicitadas por teléfono e presencialmente.

- Formación complementaria para o alumnado do centro. Solicitouse información á profesora que organizou sesións de formación complementaria na familia de electricidade e electrónica fai un par de cursos para valorar a posibilidade de organizala de novo.

Propónse contactar co ISSGA para preguntar se existe a posibilidade de impartir cursos de PRL específicos.

- Contratos-programa

Na resolución provisional, o Centro foi seleccionado para as dúas liñas de actuación solicitadas: “PROA” e “Mellora da convivencia e promoción da igualdade”.

- Obradoiros en prevención de condutas aditivas para o alumnado da FP Básica. Serán impartidos por técnicos/as do concello de Pontevedra e desenvolveranse en catro sesións, nos horarios de tutoría de cada grupo.

- Charla de acceso á universidade. Está prevista para o día 11 de febreiro, a realización dunha charla sobre acceso á universidade, dirixida ao alumnado de 2º curso. A organización da mesma xurdiu da demanda do alumnado de 2º curso de Educación Infantil. Será a cargo de persoal da universidade de Vigo.

▪ Rolda de intervencións

Non hai rogos e preguntas

Acordos

Contactar co ISSGA para valorar a impartición de charlas específicas por sectores profesionais en prevención de riscos laborais. Responsable: Cristina Iglesias

Anexos

Visto e prace moderadora



Cristina Iglesias Camiña

A secretaria



Cristina Iglesias Camiña